



Asunto Tsunami

Financiamento do programa ART-GOLD Sri Lanka
Proxecto: *Construción de 9 centros de
desenvolvemento comunitario*

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, ante a catástrofe provocada polo terremoto que sacudiu varios países asiáticos, como entidade asociativa do municipalismo galego, puxo os seus medios a disposición de todos os Concellos e Deputacións para canalizar a axuda directa aos damnificados.

A conta de emerxencia do Fondo Galego -Caixa Galicia Fene 2091.0209.10.3040019000- mobilizouse ante a traxedia do Tsunami co fin de actuar dun xeito rápido e coordinado, sumando as axudas que os concellos, os seus traballadores e traballadoras, as deputacións e outras asociacións da sociedade civil.

O Fondo Galego alentou o **compromiso da sociedade civil coas vítimas**, reforzando a colaboración coas organizacións non gobernamentais e outras institucións para afrontar a reconstrución da rexión en estreita coordinación cos axentes e institucións das áreas afectadas. O Fondo Galego sumouse ás demandas de **condonación da débeda externa** dos países afectados por estimar que se trata dun mecanismo de primeira importancia para aliviar a dramática situación que se vive en toda a zona e facilitar a súa rápida recuperación

Concellos e entidades que participan

Concellos socios

- **Provincia de A Coruña**

Concello de Arteixo
Concello de Carballo
Concello de Lousame
Concello de Mugardos
Concello de Rois

- **Provincia de Lugo**

Concello de Guitiriz

- **Provincia de Pontevedra**

Concello de O Porriño

Deputacións

- Deputación de A Coruña
- Deputación de Ourense

Contribucións

- Concello de Burela
- Asoc. Veciños Río Ameneiral. Bertamiráns
- Asociación de Veciños, O Cruceiro, Cambre
- Asociación de Ciudadanos Magrebíes La Nueva
- CEIP- Padre Feijoo Allariz
- Grupo Municipal de Sada



Foto: Gianluca Vignola PNUD nas II Xornadas Anuais da Cooperación, Concello de Arteixo.

O Tsunami

O 26 de decembro do 2004 o Tsunami levou a vida de máis de 30.000 persoas e desprazou a 500.000.



Por que Sri Lanka?

Doce dos 25 distritos de Sri Lanka foron severamente castigados. Sen embargo importantes oportunidades permanecen na procura de solucións que fagan fincapé no retorno, no restablecemento e no establecemento das poboacións afectadas, así como a restauración e a mellora do nivel de vida, crecemento económico e a situación laboral. Un problema de feito, a destrución que produciu o tsunami empeorou a xa existente situación de pobreza, e incrementou a vulnerabilidade dunha grande proporción dos segmentos máis pobres da poboación.

Datos das perdas e danos

- 9 de cada dez homes e mulleres traballadoras perderon as súas fontes de riqueza
- 23449 acres cultivados de terra foron afectados, incluíndo 9,000 acres de ; 12.928 xardíns; 645 acres de cereais; 559 acres de granxas e 317 acres de árbores frutais.
- Máis de 100.000 edificios foron totalmente destruídos ou precisan reparación
- 16.479 botes foron destruídos, ficando destruído un 54 % da flota
- 97 institucións de saúde dun total de 363 foron danadas
- 195 institucións educativas: escolas, universidades e centros vocacionais. Destas, 59 escolas foron destruídas e 117 totalmente destruídas
- 58 dos 242 hoteis rexistrados foron destruídos

Que ten de novidoso o enfoque ART?

O intercambio de información entre as comunidades locais e os axentes de reconstrución é recoñecido como un elemento vital para o éxito e a sustentabilidade do proceso de reconstrución en Sri Lanka. Asemade, prevé discrepancias nos esforzos de reconciliación e rehabilitación e na confianza

Respostas de emerxencia

Os obxectivos xerais do programa son apoiar na fase de rehabilitación a institucional, económica, e social a través dunha estratexia rexional de desenvolvemento humano o cal implique o vencellamento da reconstrución e a aposta por un diálogo social e estabilidade máis alá da emerxencia co Tsunami.



Datos Xerais do País

Idiomas oficiais: Cinagalés e tamil

Outros idiomas: inglés

Capitais: Colombo (capital executiva); Sri Jayewardenepura Kotte (capital lexislativa)

Poboación: 19.5 millóns (NNUU, 2005)

Cidade máis grande: Colombo

Presidente: Chandrika Bandaranaike Kumaratunga

Primeiro Ministro: Mahina Rajapakse

Goberno: República Socialista Democrática

Constitución: Segunda república de 1978

Superficie: 65.610 km²

Independencia: Do Reino Unido : 4 de febreiro de 1948

Moeda: Rupia de Sri Lanka (LKR)

Esperanza de vida: 71 anos (homes; 77 (mulleres) (NNUU).

GNI por capita: US \$ 1,160 (Banco Mundial, 2006)

Principais exportacións: Roupa e textís, té, gomas, manises: xemas

Dominio internet: .lk

Código telefónico: + 94

Membro de: SAARC (Asociación Sudasiática para a cooperación rexional); MBN (Mancomunidade Británica de Nacións); ONU

Nome do Proxecto

Construción de 9 centros de desenvolvemento comunitario

Achega total do Fondo Galego: 75.688 €

Área de intervención: Sri Lanka. Provincia Sur. Districtos de Galle, Matara e Hambantota. Comunidades de: Kurunduwatta (Gintota). Provindent Watta, Thilakapura (Ambalangoda); Katukoliyagama (Hikkaduwa); Deegoda Watta (Habaraduwa), Palana (Weligama); Kekanadura, Grama Niladhari División (Hambantota), Kadurupokuna Eaat (Grama Niladhari), Mahasenpura.

Duración: 1 ano- dous módulos de 6 meses cada un

Sectores de intervención: Servizos sociais comunitarios; educación; emprego

Resumo: O proxecto procura a mellora da calidade de vida dalgúns dos grupos máis vulnerábeis das áreas seleccionadas (viúvas, familias monoparentais, xente nova desempregada) grazas á oferta de servizos sociais comunitarios centrándose en particular nas nais e nenos, e en actividades dirixidas a xente nova desempregada con familia. As actividades implementaranse nos 9 centros de desenvolvemento comunitario que fisicamente están sendo construídos ou reconstruídos baixos o impacto do proxecto Art Gold Sri Lanka.

Obxectivo xeral: Mellorar a calidade de vida dos grupos vulnerábeis da Provincia Sur a través do desenvolvemento social, económico comunitario.

Obxectivos específicos

Obxectivo 1: Mellorar a calidade dos servizos sociais provinciais ao nivel comunitario

Obxectivo 2: Apoiar ás oportunidades de emprego no nivel provincial e comunitario

Beneficiarios: Os seguintes grupos vulnerábeis das nove comunidades seleccionadas: viúvas con descendencia e xefas de familias monoparentais, xente moza desempregada, parellas con fillos desempregados



Foto: Placa relativa á participación e financiamento de diferentes axencias entre elas o Fondo Galego.